

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aprobación das bases de selección_listaxe complementaria persoal condutor PEL CONCELLOS

ANTECEDENTES

A Deputación Provincial da Coruña convoca anualmente o Programa PEL-CONCELLOS de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia.

O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural así como fomentar a inserción laboral apoiando a contratación de persoal para a prestación de servizos municipais esenciais durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano.

As categorías laborais que habitualmente se inclúen na memoria da Alcaldía para a realización das tarefas nela referidas son: albanel (oficial 1ª), condutor/a e peóns/peoas (peón/peoa albanel e peón/peoa de aglomerado).

FUNDAMENTACIÓN

O Concello ten na actualidade aprobada unha dobre listaxe de contratación de persoal para o dito programa que tamén inclúe o posto de condutor e que foi aprobada pola Resolución da Alcaldía núm. 567/2024, do día 19/06/2024; aínda así, para o presente ano, non é posible contar con ningunha persoa da devandita listaxe que cumpra os requisitos para a dita contratacións.

O día 30/03/2026 asinei a Providencia de inicio na que indiquei que *"Este Concello ten vixente unha listaxe de contratación para cada un dos perfís profesionais solicitados pero non é posible contar con persoal condutor da dita listaxe para o presente programa."*

Así é necesario realizar un novo proceso de selección para crear unha listaxe complementaria de selección de persoal laboral temporal de 1 condutor-a para o programa PEL CONCELLOS.

O Concello xa ten aprobada a subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña e, segundo as bases do programa, os contratos teñen que rematar dentro do ano 2026 polo que, para unha maior axilidade, o proceso realizarase a través do Servizo Público de Emprego

O día 06/05/2026 a Intervención municipal emitiu o seu informe de fiscalización favorable.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Aprobar as bases que se anexan e que han de rexer o proceso selectivo para a creación dunha listaxe complementaria de selección de persoal laboral temporal de 1 condutor-a.

SEGUNDO

Presentar na oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia de Boiro a oferta de emprego conforme se indica nas bases.

TERCEIRO

Publicar o anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios municipal e no sitio web, para os efectos de dotar dunha maior publicidade e transparencia o citado proceso selectivo.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos pola Alcaldía, do que a Secretaría, para os únicos efectos de fe pública, dá fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).